

Cuestións de onomástica galega e asturiana: semellanzas e contrastes nos apelidos/*Galician and Asturian Onomastic Issues: Similarities and Contrasts in the family names*

ANA ISABEL BOULLÓN AGRELO
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

RESUME: L'oxetivu d'esti trabayu ye afitar una comparanza ente'l corpus de los apellíos gallegos y los asturianos. Con esti envís, examínase'l corpus de los 200 apellíos máis frecuentes n'Asturies pa contrastalu col corpus equivalente de los gallegos, teniendo en cuenta les destremaes proporciones de los d'orixe patronímicu, detoponímicu y delexical. Ufieren un interés particular los detoponímicos, porque permiten tener una perspeutiva sobre'l movimientu de les poblaciones; y, ente ellos, pondráse un enfotu especial nos provinientes de la estaya máis occidental d'Asturies, pa ver en qué medida tán espardíos nes fasteres gallega y asturiana.

Pallabres clave: Onomástica, llingua gallega, llingua asturiana, apellíos d'orixe patronímicu, delexical y detoponímicu.

ABSTRACT: This paper aims to establish a comparison between the *corpus* of the Galician and Asturian family names by examining the *corpus* of the 200 most frequent family names in Asturias, to contrast them with the equivalent *corpus* of family names from Galicia, taking into account the different proportions of patronymic, delexical and detoponymic origin. The latest ones are of particular interest since they allow insight into the movement of populations; and, among them, particular attention is paid to those from the westernmost part of Asturias, in order to examine the extent to which these are distributed in both the Galician and Asturian areas.

Key words: Onomastics, Galician Language, Asturian Language, patronymic, delexical and detoponymic family names.

O obxectivo deste traballo é establecer unha comparación entre o corpus dos apelidos galegos e os asturianos. Para isto, examínase o corpus dos 200 apelidos máis frecuentes en Asturias para contrastalo co corpus equivalente dos galegos, tendo en conta as distintas proporcións dos de orixe patronímica, detoponímica e delexical. Os apelidos detoponímicos presentan especial interese, pois permiten ter unha perspectiva sobre o movemento das poboacións; dentro deles,

prestaráselles especial atención ós que proceden da área máis occidental de Asturias, para ver en que medida están difundidos nas áreas galega e asturiana.

1. APROXIMACIÓN METODOLÓXICA E CUANTITATIVA Á COMPARACIÓN ENTRE OS APELIDOS GALEGOS E ASTURIANOS MÁIS FRECUENTES

Resulta particularmente interesante realizar unha comparación entre os apelidos galegos e os asturianos por tratarse de dúas áreas lingüísticas limítrofes que compartiron unha historia con moitos puntos concomitantes. A súa fronteira política actual afonda as raíces na Alta Idade Media na raia do Eo, aínda que era distinta na época da romanización, época en que se adoita a fixa-lo río Navia como estrema oriental do *conventum* lucense. En todo caso, parece que existiron distintos ritmos de romanización nos actuais territorios galego e asturiano, o que ten como consecuencia, no que nos atinxe neste momento, as variedades lingüísticas. No que respecta á antroponimia, será interesante ver como se manifestan estas semellanzas e diferenzas.

O corpus do que partimos é diferente para os apelidos galegos que para os asturianos. No primeiro grupo a base é o conxunto dos apelidos dos habitantes galegos para o ano 2001, proporcionado polo Instituto Nacional de Estatística (Madrid) a partir do cal se elaborou a Cartografía dos Apelidos de Galicia (CAG), ferramenta informática elaborada polo Instituto da Lingua Galega en colaboración coa Real Academia Galega con ocasión do seu centenario (2005). Para o corpus asturiano, partimos dunha base de datos de apelidos procedentes da guía telefónica correspondente a Asturias proporcionada por Javier Caro (a quen agradezo a súa moi amable colaboración). Son coñecidos os problemas que poden xurdir cando se utilizan como base este tipo de datos, con orixe nos abonados telefónicos¹, pero, en todo caso, si son indicativas para os apelidos máis frecuentes, que é o que agora interesa². Esta primeira lista foi refeita sumando o primeiro apelido co segundo e, posteriormente, para darlle máis fiabilidade ós datos numéricos, engadíronselle as cifras proporcionadas polo INE correspondentes ó ano 2010 (<http://www.ine.es/daco/daco42/nombyapel/nombyapel.htm>). O corpus así obtido é de 19.438 formas distintas³; o número de ocorrencias de cada forma adoita, *grosso modo*, triplica-lo dos abonados telefónicos, como se pode ver na seguinte táboa:

¹ Non son exhaustivas, a mesma persoa pode aparecer repetidamente, segundo o número de liñas telefónicas nas que figure, e reflicte máis consideracións de tipo socioeconómico ca lingüístico; ademais, nos últimos tempos, co auxe dos móbiles, a telefonía fixa está deixando de ser xeral.

² Tamén se lle pode tirar moito aproveitamento para estudos máis globais: véxase o publicado polo propio Caro Reina en 2011.

³ Incluindo tamén os compostos, e a falta dun labor de depuración de erratas, que seguramente reducirían o corpus.

Táboa 1: Os apelidos asturianos máis frecuentes nas guías telefónicas e no INE


Apellido	Abonados tfno	nº INE 2010
Fernández	57548	180371
García	45614	141499
González	35688	111282
Álvarez	30736	94839
Rodríguez	26550	84968
Suárez	16727	51775
Martínez	14989	47850
Menéndez	13283	43214
Pérez	13506	43144
López	13275	43045

Ó compara-los resultados das dúas últimas columnas (abonados de teléfono e número de persoas rexistrados no INE), certifícase o dito: os máis frecuentes apenas cambian (os 7 primeiros manteñen exactamente a mesma orde), e onde observamos máis alteracións é nos que teñen menor número de ocorrencias. Porei algúns exemplos. Como partimos da análise dos primeiros 200, se tivéssemos en conta os abonados telefónicos non aparecerían na relación os apelidos *Pereira, Lago, Gayo, Abad, Amieva, Baragaño* e *Ramírez* (algúns tipicamente asturianos e o primeiro deles galego). E á inversa, si aparecerían *Robles, Cifuentes, Carrio, Andrés, Molina, Hidalgo* e *Pando*, en detrimento dos anteriores.

Deste corpus escóllense os 200 apelidos máis frecuentes, igual que se fixo en Boullón 2007a, para asegura-la homoxeneidade dos resultados. Naquel momento, xustificábase a escolla por razóns de representatividade: dada a alta concentración dos apelidos nas formas máis frecuentes, este número supoñía o 62% de tódalas ocorrencias, o que nos parecía abondo significativo para facer unha primeira aproximación á fasquía dos apelidos galegos. Agora ben, no corpus asturiano parece haber aínda maior concentración nas formas de máis frecuencia, pois se suman tódalas ocorrencias e se dividen entre dous (pois son dous os apelidos que adoita portar cada persoa), obtense unha cifra de 694.480, que equivale aproximadamente ó número dos portadores, o que representa unha porcentaxe dun 80% dos habitantes de Asturias no ano 2010, 868.211 persoas, segundo o INE. Os apelidos que supoñen a baliza escolleita teñen máis ocorrencias de 3.455, no caso galego, e de 1.060, no asturiano.


A clasificación parte dun criterio que combina as características semánticas coas formais, e así, establécense os tres grandes grupos característicos dos apelidos hispánicos: os patronímicos, os detoponímicos e os delexicais.

Gráfico 1: Clasificación dos apelidos galegos e asturianos (porcentaxe das formas)



No gráfico 1 obsérvase unha gran similitude nas proporcións dos distintos grupos: o máis numeroso é o grupo dos detoponímicos (lixeramente máis alto nos galegos), seguidos polos delexicais e os patronímicos, que nestes casos abundan máis nos asturianos. Igual có que ocurría cos apelidos galegos, o panorama cambia substancialmente se en vez de partir das formas se fai desde o número de ocorrencias, dato que reflicte mellor a incidencia social de cada forma: o apelido *Fernández*, por exemplo, o máis numeroso dos asturianos, constitúe o 0,5% das formas máis frecuentes (1 entre 200), pero é máis do 12% en canto ó número de ocorrencias. No gráfico 2, logo, pódense ver mellor as diferenzas reais entre os *córpora* dos apelidos.

Gráfico 2: Clasificación dos apelidos galegos e asturianos (porcentaxe das ocorrencias)



Así, ponse de relevo o alto peso que teñen os apelidos patronímicos en Asturias (dado que nun escaso número de formas, 47, se concentra case o 75% de tódalas ocorrencias), mentres que os detoponímicos e os delexicais son máis significativos entre os galegos ca entre os asturianos.

2. OS APELIDOS PATRONÍMICOS

O alto peso estatístico dos apelidos patronímicos é característico da antroponimia do centro e o oeste da Península Ibérica, como se ten posto de relevo en moitas ocasións. O que pode ser factor diferenciador, lixeiro, en todo caso, é a porcentaxe, que, como queda dito, en Asturias é máis alta ca no territorio veciño.

Táboa 2: Apelidos patronímicos máis frecuentes en Asturias

1. Fernández	16. Gómez	31. Lorenzo
2. García	17. Vázquez	32. Domínguez
3. González	18. Muñiz	33. Núñez
4. Álvarez	19. Martín	34. Muñoz
5. Rodríguez	20. Arias	35. Bernardo
6. Suárez	21. Jiménez	36. Antón
7. Martínez	22. Hernández	37. Artime
8. Menéndez	23. Peláez	38. Gil
9. Pérez	24. Morán	39. Fuertes
10. López	25. Ruiz	40. Vidal
11. Díaz	26. Velasco	41. Vicente
12. Alonso	27. Marcos	42. Bermúdez
13. Sánchez	28. Díez	43. Miguel
14. Gutiérrez	29. Flórez	44. Sanz
15. Méndez	30. Ordóñez	45. Ortiz
		46. Ramírez

Aquí comezamos a ve-las primeiras diferenzas máis significativas: un número apreciable deles non están no corpus parello dos apelidos galegos: *Menéndez*, *Peláez*, *Velasco*, *Díez*, *Flórez*, *Ordóñez*, *Bernardo*, *Antón*, *Artime*, *Fuertes*, *Miguel*, *Sanz*, *Ortiz* e *Orviz*. Algúns porque en Galicia aparece a forma galega correspondente: en vez de *Menéndez*, por exemplo, está *Méndez*, e en vez de *Peláez*, *Paz* (e fóra dos 200 primeiros, *Pais* e *Páez*). E outros son especificamente asturianos con respecto ó resto de España, como se pode ver no mapa porcentual que nos ofrece o INE: *Menéndez*, *Artime*, *Orviz*. Este último chama especialmente a atención, pois, con 1.183 ocorrencias, é practicamente exclusivo de Asturias, e, pola contra, en Galicia só conta con 13. Por outro lado, hai dous apelidos galegos que entran no ranking asturiano: *Méndez* e *Vázquez* (nº 15 e 17).

Poderíamos mencionar como trazo que parece apuntar a outra diferenza, e que habería que confirmar ampliando o corpus de partida, que nos apelidos asturianos aparecen máis patronímicos que non portan o sufixo -z: *García*, *Alonso*, *Lorenzo*,

Arias, Gil, Martín, Vicente, Marcos, Antón, Miguel, Velasco, Bernardo, Vidal, Morán (indicados por orde de frecuencia); bastantes deles son compartidos no corpus galego, agás un grupo en que coinciden con nomes persoais (agás *Morán*): *Antón, Miguel, Velasco, Bernardo, Morán*; destes, varios se documentan tamén co sufixo, pero con moi poucas ocorrencias (*Velázquez, Bernárdez, Miguélez*). Contrariamente, algúns dos máis frecuentes patronímicos en Galicia son minoritarios en Asturias (*Ares, Cid e Durán*).

Por outro lado, resulta de interese contrasta-lo grupo dos apelidos procedentes de xenitivo, que ten estimulado a atención de diferentes expertos na materia (desde García Arias a Xulio Viejo ou Ana Cano). Xulio Viejo (1998: 49) xa indicaba a dificultade que entrañaba desagregar este grupo dos que son realmente topónimos de posesores. Efectivamente, habería que distinguir formas como *Fanxul* (< *FANUM IULII ‘o templo de Xulio’, segundo García Arias 2005: 756, e despois Ana Cano 2010: 574) ou *Maxide* (< lat. MAXITUS ou xerm. MAGUS + ITUS), con topónimo localizado e unha estrutura de creación ben coñecida xa desde os estudos de Joseph M. Piel, que os casos de *Melendi, Peri, Poli* ou *Aboli*. Estes non se corresponden con ningún topónimo (ou alomenos eu non o dei localizado), nin na actualidade nin nos textos antigos, a partir do cal se puideran converter en sobrenomes persoais, e, ademais, teñen ó seu carón unha forma correspondente con sufixo patronímico (*Meléndez, Pérez*) ou outro topónimo de posesor constituído coma os anteriores: *Pol* e *Abulín* (como en *Vallabulín*, segundo García Arias (2005: 469), paralelo ó *Abuín* galego). Na táboa 3 incluímos aqueles que poderían ser considerados como procedentes de xenitivo, como procedemento alternativo á formación de patronímicos, e non con orixe nun topónimo de posesor.

Táboa 3: Apelidos procedentes de xenitivo

Apellido	Nº ocorrencias en Galicia	Nº ocorrencias en Asturias
ARTIME	129	1674
NOSTI	1	587
MORI	28	430
OLAY	3	421
LUEJE	3	339
MELENDI	4	328
ALVARE	9	187
QUINCE	1	149
VELARDE	13	113
ABOLI	13	93
POLI	1	62
NOSTE	1	14
LOPE	36	10
MARTINE	1	0
LORENCE	1	0
PELAY	1	0

Considerando esas restriccións, logo, non se poden ter en conta só as documentacións medievas, porque, como é sabido, os patronímicos en xenitivo perduraron durante moito tempo na documentación, sen que isto significase que o fixesen tamén na vida real; de feito, nos textos de Galicia atópase que a tendencia a utiliza-los patronímicos en -z vai diminuindo a partir do séc. XI, en detrimento do xenitivo e doutros sufixos que se consideraban máis latinizantes (-t, -ici). Isto non respondía ó seu uso efectivo, senón que se trataba simplemente dun intento de latinizar os textos, en consonancia coa reforma do latín clásico espallado en Europa a partir do séc. XI⁴. Tampouco dá fe a súa presenza en textos romances, porque non é estraño atopar mostras arcaizantes ou latinizantes deste tipo ata ben entrada a Baixa Idade Media. Quizais iso explica que algúns dos patronímicos citados por Viejo hoxe en día non se rexistren, non só en Asturias, senón en toda España, segundo os datos do INE (así *Gonzali*, *Ordoñi* ou *Suari*⁵), ou non se documentan en Asturias (como *Pelai*). Pero, entre os restantes, Ana Cano demostrou a existencia dalgúns «nidiamente asturianos que s'afayen güei namái o mui mayoritariamente n'Asturies: *Aboli*, *Álvare*, *Artime*, *Fanjul*, *Lueje*, *Maxide*, *Melendi*, *Mori*, *Nosti*, *Olay*, *Peri*, *Poli*, *Priede*, *Quince* y *Telenti*» (Cano 2010: 588).

Pois ben, o único de todos eles que se encadraría na lista dos asturianos máis frecuentes é *Artime*, con 1.674 ocorrencias no INE (2010) e que ocuparía o lugar 119. De doada explicación etimolóxica a partir do xenitivo do nome latino *ARTIMIUS* (Solin/Salomies 1988), e, por tanto, coa típica formación dos nomes de posesor, non se deu atopado documentación medieval ou moderna que avale unha orixe detoponímica⁶. Si se ve, en cambio, en textos altomedievas galegos un par de ocorrencias que poderían ser antecedentes do seu uso como nome persoal (menos, desde logo, das abondosas que rexistra Ana Cano para o dominio asturiano (2010: 572-3):

frater *Artemio* a.969 CDGH 288-290
Centi *Artimiz* ca.1017 TomboA 232-3

Dos restantes apelidos con posible orixe en xenitivo, todos eles teñen menor relevancia cuantitativa no corpus asturiano (son inferiores ás 600 ocorrencias), pero a súa existencia é case testemuñal no galego. Por isto, polas características fonéticas que algúns deles presentan, alleas ó galego (e mesmo ás pautas habituais de castellanización), como é o caso de *Nosti* ou *Noste* (correspondente ó topónimo e apelido galego *Nouche*), *Olay*, *Aboli*, *Pelay*, *Poli* (con conservación do -l-), *Lueje*

⁴ Véxanse máis detalles sobre estas tendencias contrapostas en Boullón 2007b.

⁵ A existencia destas formas, empregadas por escritores asturianos no séc. XIX, debería ser corroborada por máis fontes, que descartasen que só fosen pronunciadas esporádicas de tipo popular, ou mesmo intentos de «asturianizar» uns apelidos que, doutra maneira, serían comúns co castelán.

⁶ En Vedra (Co) existe como microtopónimo, pero non se pode descartar que el mesmo proceda do nome dun propietario moderno, dado que pola área existen portadores do apelido, segundo a CAG.

(pola ditongación do *õ* latino), e mais pola ausencia de documentacións antigas, parece claro que son formas importadas no corpus antroponómico galego.

3. OS APELIDOS DELEXICAIS

Os apelidos delexicais en Asturias presentan unha distribución semántica semellante á de Galicia: moitos son nomes de cores (*Blanco, Prieto, Rojo...*), características do cabelo (*Calvo, Cano, Crespo*), sobre a constitución ou aparencia do corpo (*Delgado, Garrido, Lozano*)⁷, profesionais (*Merino, Montero*)⁸, cargos ou dignidades sociais ou relixiosas (*Rey*⁹, *Conde, Marqués, Fidalgo, Abad...*).

Agora ben, interéranos especialmente aqueles que son moi infrecuentes en Galicia, porque eles revelarán de maneira máis clara as especificidades asturianas. O primeiro que podemos comentar neste aspecto é que aquí se sitúan apelidos que si son frecuentes en Galicia pero coa súa forma lingüística específica, isto é, en galego: así, *Herrero* fronte a *Ferreiro*¹⁰, *Cano* (ast. *canu*) / gal. *Cao, Moro* (ast. *moru*) / gal. *Mouro, Espina* / gal. *Espiña, Bueno* / gal. *Boo* (estes dous últimos non están entre os 200 primeiros) ou *Viejo* fronte a *Bello*. Neste último caso discrepo, alomenos para o caso galego, de Beatrice Schmid (1998: 134), que o considera continuador do nome de pía *Bello* (< lat. *BELLUS*), de tradición antroponímica latina. A diferenza do que ocorre nos apelidos asturianos, *Bello* ocupa entre nós o posto 83º entre os máis frecuentes (en Asturias só ten 250 ocorrencias), e ó meu ver, só pode explicarse como un cambio de grafía a partir de *Vello* motivado de maneira indirecta por castellanización, para identificalo co castelán *bello* ‘fermoso’ (vid. Boullón 2009: 127). Así o demostran os moi abundantes testemuños medievais, onde o apelido se usaba para diferencia-lo pai do fillo (o que tamén explica o apelido *Novo*). Como vemos nas seguintes secuencias antroponímicas, procedentes da base de datos da Sección de Onomástica do ILGa¹¹, era relativamente abundante, sobre todo no séc. xv, e constaba habitualmente en segundo lugar (b, c, d, f, h, i, j, l, n, o, r, x, y), ás veces en terceiro (e), e mesmo con artigo (g, k, m, q, s, t, u, v, w), o que son probas do seu carácter de sobrenome, carácter que queda explícito na primeira das atestacións (a), onde está antecedita do adxectivo *dicto*:

⁷ Non creo que *Fuertes* se poida incardinar neste grupo, porque concordo con Beatrice Schmid (1998: 134-5) en que se trata do continuador do nome de pía *Fortis*, de orixe latina pero de inspiración cristiá (vid. Boullón 1999: s.v.), e que ten o seu correlato no galego *Fortes*.

⁸ Para o significado deste apelido como ‘canteiro’, vid. Boullón / Tato 1999.

⁹ Para a posible motivación deste sobrenome en Galicia dado ós meniños abandonados, vid. Boullón 2007a: 296.

¹⁰ O asturiano *ferreru* tamén se documenta (coa forma *Ferreiro*) pero en menor proporción: ten 682 ocorrencias fronte ás 2.135 de *Herrero*.

¹¹ Só ofrecemos unha mostra das cadeas onomásticas que presentan V- (ou U-), pero tódalas localizadas con B-. En ámbolos casos están ordenadas cronoloxicamente.

- a. Johan Pelaez dicto *Uelo* a.1259(or.) BoullónMonteagudo 47
- b. Joã *Uello* clerigo preuedo a.1274 CDMaia 74
- c. Johã *Vello* de Lousezo a.1278 CDMaia 186
- d. Pedro *Uelo* a.1279(or.) DocChouzán 190
- e. Afonso Perez *Uello* notario [que fuy de Betanzos] a.1282 CDMaia 48
- f. Pedro *Uelo* a.1283 CDMaia 78
- g. Johã Gonçalves o *Uelo* a.1329(or.) CDRamirás 476
- h. Pero *Uello* a.1330(or.) CDRamirás 478
- i. Johán *Vello* a.1342(or.) DocNoia 16nº3
- j. Gonçaluo *Vello* a.1344 CDMens 16
- k. Johan Eanes o *Uello* a.1344 DocUnivSantiago 191
- l. Marin *Uello* a.1345(or.) DocNoia 18nº5
- m. Rruy Martins o *uello* a.1377(or.) NotariosBaiona_2004 531
- n. Johã *Uello* a.1390(or.) LTenzaHórreo 11R
- o. Garçía *Vello* [=Garçía *Bello*] a.[1480-90] CDMens 65, 66
- p. Pero *Vello* a.1434 CDMaia 64
- q. Johan Martis de Sabadelle o *Vello* a.1438(or.) CDSEstevoRibasSil_XV 37
- r. Afonso *Vello* escripuan a.1451(or.) TBieitoSantiago 79
- s. Afonso de Querentes o *Vello* a.1457 LNotasRianxo 2590
- t. Ares de Vila o *Vello* [tio de Ares de Vila] a.1457 LNotasRianxo 2554
- u. Johan Martins o *Vello* a.1457 LNotasRianxo 2563
- v. Johan Rrodeyro o *Vello* morador en Santiago a.1457 LNotasRianxo 1676
- w. Rroy Mariño o *Vello* escudeyro de Sueyro Gomes a.1457 LNotasRianxo 1136
- x. Johan *Vello* a.1457(1490) TTui 97
- y. Ares *Vello* a.1469(or.) DocNoia 114nº52

Certo é que este sobrenome se pode ver tamén na Idade Media grafado con *B-*, pero, contrariamente ó que acontece coa documentación medieval asturiana, nunca como prenome e tampouco con sufixo patronímico; de feito, estas atestacións son susceptibles de ser interpretadas como confusións gráficas con *vello*, especialmente as escritas en romance, a partir do ano 1306 nestes exemplos. E isto é unha evidencia na atestación de 1489-90, onde se fai explícita a identidade do sobrenome dun *García*, que se expresa con *B-* e con *V-*.

- Arias *Bello* 10.[974] CDCelanova 163
 Petrus *Bellus* a.1158 TomboB [CODOLGA]
 Iohanne *Bello* a.1239 CDOseira 419
 Petri *Bello* de Leranio a.1276 CDGH 218-25
 Domingo *Belo* a.1306 DocUnivSantiago 23
 Martinus *Bello* morator in rua de Pigna carpentarius a.1315 DocUnivSantiago 31
 Iohannes *Belo* a.1326 DocUnivSantiago 72
 Pero *Bello* de Pereira a.1326 DocUnivSantiago 70-71
 Johan *Belo* = Johan *Bello* a.1327, 1328 DocUnivSantiago 74, 83
 Domingo *Bello* de Seares a.1330, 1335 DocUnivSantiago 107, 139, 143
 Domingo *Belo* a.1333 DocUnivSantiago 134
 Garçía *Vello* = Garçía *Bello* a.[1480-90] CDMens 65, 66

Afonso *Belo* a.1423 CDMens 32

Afonso do Poonbar *o Bello* a.1437(or.) CDSEstevoRibasSil_XV 33

Juan de San Payo *o Bello* a.1473(or.) CDSEstevoRibasSil_XV 76

Pero d Espartedo *o Bello* a.1482(or.) CDSEstevoRibasSil_XV 92

Ademais, como adxectivo continuador do lat. *BELLUS* ‘bonito’, a forma masculina máis habitual era apocopada, como se ve na formación antroponímica *Bel Mancebo* (a.1187, *vid.* Boullón 1999: s.v.), onde tamén é rechamante a súa posición anteposta ó substantivo, igual ca en *Bela Barua* (a.1205), da mesma orixe. O apócope no primeiro dos exemplos expostos non se debe á súa posición proclítica, senón que noutros contextos tamén aparece posposto: «rocin *bel* e loução», «miragre mui *bel*» (nas *Cantigas de Santa Maria*). En realidade, trátase dun «provenzalismo propio da linguaxe lírica» (García-Sabell Tormo 1991: 71). Todas estas razóns fan bastante improbable o seu uso antroponímico.

Por outro lado, estas confusións gráficas non son extraordinarias (paleograficamente o e o <v> a finais do xv e no xvi eran moi semellantes), como se ve noutras propagacións, como no asturiano *Vallina* (dim. de *Valle*) > *Ballina*. No caso galego, a castelanización non se levou a cabo mediante a tradución do lexema, como pasou en asturiano desde época moi temperá: desde o séc. xiv, como demostran Schmid (1998: 138) e con máis detalle, ultimamente Ana Cano (2012: 37-39). A castelanización, se ben é frecuente nalgúns apelidos galegos, apareceu máis cedo no territorio asturiano, posto que en Galicia só comeza a ter incidencia a partir do séc. xvi. Por iso se explica a existencia en Asturias de formas inusuais en Galicia, como *Bueno*, *Cuervo* o *Viejo*, mentres que outras castelanizacións son comúns, ou máis facilmente explicables desde o asturiano (como *Prieto*, *Nieto*, asturiano *Prietu*, *Nietu*).

En canto ós outros apelidos diferenciadores, podemos cita-los zoónimos *Zapico*, *Lobo* e *Cuervo*, que se documentan en Galicia pero con moita menor proporción¹². Os outros son máis dificilmente sistematizables, desde o punto de vista semántico, por ser ás veces de significado dubidoso, pero en principio son descartables como detoponímicos ó non se documentaren como tales, alomenos nos nomenclátors modernos. Todos eles comparten o feito de seren de distribución exclusiva ou de maior frecuencia en Asturias con respecto ó resto de España, segundo os datos do INE. Son os seguintes, ordenados por número de ocorrencias descendente e cos significados proporcionados polo *Diccionario de la Llingua Asturiana* (DALLA):

Feito [‘¿capaz?’], *Riesgo* ‘birollo’, *Costales*, *Camblor* [DALLA Ø], *Cabal*, *Barbón* ‘barbudo’, *Secades* [DALLA Ø], *Caso*, *Ardura* ‘ardor/calor [grande]’, *Baragaño* [DALLA Ø; cf. *baragaña* ‘clase de pera’]

¹² E *Corvo* aínda menos: só ten 18 ocorrencias, o que podería indicar que é de orixe portuguesa, apoiado polo feito de que onde máis se documenta este apelido en España, segundo o INE, é en áreas fronteirizas con Portugal, concretamente en Salamanca e Badaxoz.

O primeiro dos citados pode chamar a atención por ter feitura galega, pero amosa unha representatividade moi distinta no territorio de Galicia. *Feito* corresponde ó asturiano *fechu*, e no conxunto español, segundo o INE, abunda sobre todo en Asturias. Participio en galego do verbo *facere*, como apelido en Galicia só ten 104 ocorrencias, repartidas en 21 concellos distantes entre si, o que representa unha distribución típica daquelas formas importadas. Así, o sorprendente non é que se tratase dunha forma galega difundida en Asturias, posto que hai máis apelidos galegos de moita difusión no Principado (coma os xa citados *Méndez* e *Vázquez* ou, neste grupo, *Varela*¹³), senón que en Galicia non sexa forma corrente, o que fai sospeitar outra procedencia. Beatrice Schmid (1998: 136) considera, dada a súa distribución xeográfica (en Valdés, Salas, Somiedu, Villayón, Tinéu e Navia), que se debe tratar dun apelido vaqueiro, porque o seu centro de difusión se sitúa exactamente naquela zona do asturiano occidental, onde o resultado regular de *FACTU* é *feito*. Efectivamente, xa no *Vocabulario del bable de occidente* de 1932 (apud DdD) vén caracterizado como un apelido propio dos vaqueiros de alzada: «Antes que Dios fuera Dios / y el sol diera en estos riscos, / ya los Feitos eran Feitos / y los Garridos, Garridos».

4. OS APELIDOS DETOPONÍMICOS

O especial interese dos apelidos detoponímicos reside en que indican con maior precisión a orixe dun apelido actual, sobre todo no caso dos non delexicais e que proceden dun sitio único. A metodoloxía da pescuda dos apelidos detoponímicos xa foi sendo desbrozada a raíz dos traballos do proxecto PatRom, en principio aplicados no dominio francés, e despois especificamente para os apelidos asturianos por Eva Büchi (1998); xa ela advertira da lectura diacrónica que pode facerse da cartografía sincrónica dos apelidos (1998: 3). A revisión que se propón aquí é comparativa entre os dous *corpora*, do que tiraremos os aspectos similares e os contrastivos. En primeiro lugar expómo-los apelidos detoponímicos comúns:

- a) os delexicais, que proceden de nomes de lugar común (*Prado, Castro, Torres, Lago, Ramos, Corral, Montes, Rivas*), un deles en galego nos dous territorios (*Pereira*), e varios castelanizados en ambos e dous *corpora* (*Otero, Rivera, Soto, Villanueva, Villar, Fuentes, Vega, Peña*). Algún destes conviven no mesmo ránking dos apelidos de Galicia cos que teñen a forma lingüística propia (*Veiga* e *Pena*);
- b) os haxiotopónimos *Santiago* e *Sampedro*;
- c) o corónimo *Miranda*, que designaba un territorio medieval na área de Mondoñedo, e que actualmente pervive como nome do arceprelado eclesiástico Ribadeo-Miranda;

¹³ Para as distintas interpretacións que se lle teñen dado a este apelido, *vid.* Boullón 2007: 298.

d) o xentilicio *Gallego*;

e) *Iglesias*, que quizais non se trata propiamente dun detoponímico. Efectivamente, a historia deste sobrenome en Galicia parece indicar outra motivación. O ítem léxico *igreja* (< lat. ECCLESIA), moi abundante nos nosos textos medievais, onde podía aparecer con diversas grafías (*igleia*, *higreia*, *egregya*, *egresa*, *eygregia*, *egreia*, por exemplo¹⁴), era, porén, pouco frecuente na Idade Media como sobrenome. Atópanse algúns casos nos séculos XIV e XV, que si parecen facer referencia a un detoponímico, isto é, indican ‘que vive no lugar onde está a igrexa’:

Pedro Iánez *dito da Igreja* a.1317 DocCatedralOurense

Áluaro *da Egleja*, Pero *da Egleja*, Afonso *da Egleja* a.1457 LNotasRianxo

Agora ben, este apelido aparece case sempre castelanizado nos rexistros oficiais actuais, onde é moito máis frecuente en plural ca en singular. Isto, e mailo feito de nos apelidos non aparecer ningunha das formas galegas que se documentan na toponimia (tales como *Eirexa*, *Airexa*, *Eirexe*), fai sospeitar que a súa motivación sexa outra á parte da toponímica (e, nese caso, castelanizada). Nese sentido, é plausible que faga referencia ós nenos abandonados, de filiación descoñecida (‘fillos da Igrexa’), que foron tan frecuentes na época en que se debeu consolidar este apelido, entre os ss. XVI-XIX: téñase en conta que na Idade Media era moi escaso e hoxe é un dos 15 apelidos máis frecuentes en Galicia. Deste xeito, vemos persoas procedentes da inclusa de Santiago que levaban este sobrenome, como *María Antonia de la Iglesia*, *expósita de la inclusa de este Real Hospital*, en 1817 (AHUS), aínda que para estes nenos abandonados o apelido máis frecuente era *Rey*. Habería que comproba-la historia da forma no territorio asturiano para corroborar se a súa historia é semellante.

En segundo lugar, os apelidos detoponímicos diferentes son case sempre apelidos que proceden de topónimos específicos de Asturias. Isto é evidente naqueles que non proceden de nomes de lugar común e, por tanto, non son susceptibles de teren unha interpretación delexical e, pola contra, si a teñen indubidablemente toponímica, a partir dun lugar concreto:

Acebal, Amieva, Antuña, Arango, Areces, Argüelles, Canteli, Castañón, Fanjul, Gancedo, Hevia, Llaneza, Llera, Meana, Mier, Miranda, Nava, Noriega, Orviz, Parrondo, Prendes, Quirós, Roces, Rubiera, Solares, Solís, Tamargo, Tuero, Tuñón, Uría, Valdés, Vigil.

Este alto número de topónimos maiores (32) contrasta co corpus galego, pois en Galicia os apelidos detoponímicos delexicais son cuantitativamente moito máis


¹⁴ Véxase a voz *igleia* no glosario de Boullón / Monteagudo 2009, que recolle documentación en galego previa a 1260.

numerosos (*vid.* Boullón 2007a: 291, Boullón 2012:188). Quizais esta diferenza se deba á motivación: seguindo a Enzo Caffarelli (2007),


«se os topónimos maiores, habitualmente escuros, aluden á procedencia dos seus portadores, estoutros fano á residencia: en vez de indicaren un afastamento, unha separación entre o lugar indicado polo nome e outro lugar en que este nome serve para identifica-la persoa, os de residencia sinalan un asentamento nunha determinada poboación e a súa función distintiva baséase na microtopografía da propia poboación, ou sexa, a descrición precisa do lugar onde se vive. Estas proporcións parecen reflectir nos apelidos a gran estabilidade da poboación galega a través dos tempos» (Boullón 2007a)

Por último, podemos sinalar entre as diferenzas algúns apelidos detoponímicos de orixe léxica común nos dous territorios pero con diferente dispersión. É o caso de *gándara(s)/gandra(s)*, voz de orixe prerromana propia do norte da Península, entre Galicia e Cantabria. A forma léxica estándar en galego é *gándara*, pola preferencia que se lle dá ás formas plenas fronte as contractas, pero as variantes fonéticas teñen bastante vitalidade no territorio, como se pode ver no mapa seguinte, con datos da (micro)toponimia:


Mapa 1: Formas léxicas *gándara(s) / gandra / granda(s)* na toponimia e na microtoponimia em Galicia (PTG)



As variantes están distribuídas case de forma complementaria no territorio: a forma escollida para o estándar, *gándara*, é a máis estendida, con presenza en toda a área agás no norte de Lugo; a que ten síncope está limitada ó sur da Coruña, e a que, ademais, presenta metátese, no norte de Lugo. Os apelidos galegos reflecten con bastante fidelidade esta repartición: *Gándara* é o máis frecuente (con 2.975 ocorrencias) e está presente, sobre todo, nas provincias da Coruña, Pontevedra e Ourense.



Mapa 2: apelido *Gándara* (CAG)



Mapa 3: apelido *Gándaras* (CAG)


O plural, *Gándaras*, está concentrado ó redor do concello de Curtis, nunha área centro-oriental da provincia da Coruña. Todas estas formas se atestan desde moi cedo: as máis temperás son as variantes con síncope e metátese, *Granda Rebolla* no a. 891 e *Granda Mediana* no a. 894 (ambas nos DocAstur de Floriano), e *Gandara* a partir do a. 916 (apud CODOLGa). Como sobrenomes detoponímicos aparecen desde o XIV:

Ares Meendes *de Grandas* a.1348 DocCatMondoñedo 145

Fernán *da Gándara* a.1417 DocNoia 67 n° 31

Fernán *da Gándara* a.1438 CDMens 39,40

No primeiro destes exemplos, o máis antigo ten un carácter designativo claramente de procedencia: o personaxe procede dun lugar chamado Grandas (quizais o actual topónimo de Barreiros-Lu); nos casos seguintes a presenza do artigo parece apuntar máis ben a que se trata dalgúen que vive nunha gándara (de residencia). Esa primeira forma citada, *Grandas*, que corresponde ó norte de Lugo, como vimos na toponimia e como corroboran os datos antroponímicos, é a común coa forma máis frecuente en Asturias. Concentrados nunha área arredor de Láncara, é moi difícil determinar se os seus portadores (100) proceden dalgún microtopónimo da área ou do próximo concello de Grandas de Salime, situado en área administrativa asturiana.



Mapa 3: apelido e topónimo *Grandas* (CAG) Mapa 4: apelido *Granda* (CAG)

En Asturias o apelido máis frecuente desta serie é este en singular: *Granda*, con 4.220 ocorrencias, ocupa o posto 37 dos máis frecuentes (fronte ás 220 ocorrencias en Galicia). A forma plena, *Gándara*, ten unha incidencia moito menor (108 ocorrencias), e, curiosamente, os plurais *Grandas* e *Gándaras* aparecen na guía telefónica con 3 e 2 ocorrencias, respectivamente, pero non se rexistran nos mapas do INE, posiblemente por teren menos de 5 ocorrencias. En calquera caso, a súa representatividade antroponímica é moito menor ca en Galicia.

Se ampliamos un pouco máis o corpus, tendo en conta os que en Asturias teñen máis de 500 ocorrencias, observamos unha presenza meirande dos apelidos exclusivamente galegos: *Barcia*, *Saavedra*, *Pereira*, *Carballo*, *Barreiro*; e as semellanzas aumentan se temos en conta aquelas formas que son comúns en galego e en asturiano: *Lastra*, *Prada*, *Silva*, *Roza*, *Rozada*, algúns deles castellanizado: *Corujo* (gal. *coruxo*, ast. *coruxu*), *Montoto*¹⁵. Pero a maior parte deles son os que proceden de topónimos da franxa eonaviega, como veremos a seguir.

4.1. A toponimia da franxa eonaviega nos apelidos asturianos e galegos

En primeiro lugar, cómpre ter en conta algúns aspectos metodolóxicos, porque non abonda con comproba-las coincidencias dos topónimos cos apelidos. Por unha banda, porque pode haber topónimos que existan tanto en territorio galego coma en territorio asturiano. Por exemplo, *Barredo* é nome de lugar en Castroverde e Monforte (Galicia) e mais en Tapia e Taramundi (Asturias). Pois ben, é este un deses casos en que a distribución territorial nos permite deducir de cal deses topónimos procede.

¹⁵ En galego a forma propia da toponimia, *Montouto*, rexístrase tamén nos apelidos pero con moita menos frecuencia: 398 fronte a 1.021 ocorrencias.



Mapa 5: apelido e topónimo *Barredo* (CAG)

Efectivamente, a súa distribución arredor de Pantón e O Saviñao permítenos comprobar que o máis probable é que proceda do topónimo de Monforte. Como despois veremos, presenta un tipo de expansión moi distinto dos que teñen orixe detoponímica eonaviega. No mesmo caso estaría *Martul*, topónimo da Pobra de Brollón e Outeiro de Rei (Lu) e mais dos Ozcos. Aquí, non só é a distribución territorial a que nos informa das ocorrencias, senón tamén o número de apelidos en cada lugar, porque, fronte ás 165 ocorrencias que ten en Galicia, en Asturias non ten ningunha.

Da mesma maneira, descartamos aqueles topónimos delexicais que poden ter moita frecuencia como nomes de lugar, como *Lastra*; esta voz conforma unha área léxica en todo o norte da península, onde ten o seu reflexo toponímico (Álava, Ávila, Segovia, Burgos, Asturias, Palencia, Santander, Lugo e Ourense) e antroponímico. No mapa do territorio español observamos unha incidencia porcentual moi significativa en Asturias e Cantabria.



Mapa 6: apelido *Lastra* (INE)

Tendo en conta estas precaucións, obtivemos un total de 26 apelidos, que son na maior parte topónimos de posesor. Da análise desas formas observámo-lo seguinte:

- a) Teñen maior presenza en Asturias ca en Galicia, do que se pode inferir que a inmigración a partir desa área se dirixiu máis cara ó oriente ca cara ó occidente. De feito, no conxunto dos apelidos galegos a suma das súas ocorrencias ascende a un 0,07% das formas galegas (un número próximo ás 4.000), e a un 0,63% das asturianas (perto das 10.000).
- b) Examinada a distribución territorial en Galicia daquelas formas que teñen un número de ocorrencias significativo, os que teñen máis incidencia cuantitativa son, por esta orde: *Mon*, *Ron*, *Casariego*, *Freije*, *Trelles*, *Magadán*, *Valledor*, *Monteseirín/Monteserín*, *Calvín* e *Vijande*, todos eles con máis de 100 ocorrencias (ata 706 o máis frecuente).
- c) A súa difusión depende da zona xeográfica de procedencia: os do litoral eonaviego adoitan difundirse na Mariña lucense, e os do interior, na fronteira oriental de Galicia. Velaquí a relación, agrupados pola zona de orixe:
 - c.1) Pola franxa oriental difúndense os seguintes (entre paréntese indícanse os que proceden da mesma zona pero teñen moi poucas ocorrencias, polo que a súa difusión non permite tirar conclusións):
 - Da área dos Ozcos: *Mon*, *Ron*, *Arruñada* e *Regodesebes/Regodeseves*, (*Nonide*).
 - De Grandas: *Magadán*, *Monteseirín/Monteserín*.
 - De Ibias: *Uría* (*Marentes*, *Taladriz/Taladrid*, *Caldevilla*).
 - De Taramundi: *Freije*, *Calvín*.
 - De Allande: (*Valledor*, *Allande*, *Carcedo*).
 - De Pezós: (*Villabril*).
 - c.2) Pola mariña luguesa:
 - Da Veiga: *Vijande*, *Vior*, *Molejón*, (*Penzol*).
 - De Coaña: *Trelles*, (*Medal*).
 - De Tapia: *Casariego*.



**Mapa 7: apelido e topónimo *Mon*
(Ozcos) (CAG)**



Mapa 8: apelido *Casariego* (CAG)



**Mapa 9: apelido e topónimo
Magadán (CAG)**



**Mapa 10: apelido e topónimo *Uría*
(CAG)**

- d) Un dos aspectos compartidos polos apelidos eonaviegos e os galegos é a castelanzación (*vid.* Boullón 2009: 131-135). Como ocorre nalgúns apelidos galegos, hai apelidos que se modificaron para aproximalos ó castelán e, por tanto, hoxe son diferentes do topónimo de que proceden: a ditongación en *Casariego* < *Casarego*, a substitución da fricativa prepalatal pola velar en *Freije* < *Freixe*, *Vijande* < *Vixande* e *Molejón* < *Molexón*; a monotongación en *Uría* < *Ouría* e *Monteserín* (77/863 ocorrencias fronte a 50/2 da forma correcta *Monteseirín*¹⁶); -d final no canto do -z en *Taladrid* (con 49/26 ocorrencias fronte a 17/24 de *Taladriz*), palatalización de -LL- etimolóxico en *Villabrille*¹⁷ (36/564, fronte á forma autóctona *Vilabrille* 78/13) e mais en *Caldevilla* con 47/433 fronte a só 2 *Caldevila* en Galicia (e ningún en Asturias); para *Regodesebes* documéntase tamén unha grafía distinta da etimolóxica, *Regodeseves*.

A normalización da antroponimia persoal é moito máis dificultosa cá da toponimia porque depende da vontade individual (non está regulada polo dereito público, senón polo privado), e esta non se adoita se non existe unha vontade política favorable a ela. No caso dos apelidos detoponímicos, a existencia dunha forma estandarizada pode axudar a recuperar unha forma autóctona que foi castelanzada nos textos escritos. Esta situación parece de máis difícil resolución aínda no caso de Asturias cá de Galicia, porque, alomenos no que respecta á

¹⁶ As cifras expostas cando hai dúas formas do mesmo topónimo indican o número de ocorrencias en Galicia, primeiro, e despois en Asturias.

¹⁷ Este topónimo está dentro da área de evolución do -LL- > -l-, pois sitúase na beira esquerda do río Navía; a esta altura, a isoglosa pasa próxima da beira dereita do río: véxase Babarro 2003: 99.

toponimia, en Galicia estipúlase claramente que a única forma oficial será a galega, mentres que en Asturias:

«Los topónimos de la Comunidad Autónoma del Principado de Asturias tendrán la denominación oficial en su forma tradicional. Cuando un topónimo tenga uso generalizado en su forma tradicional y en castellano, la denominación podrá ser bilingüe» (art. 15). Lei 1/1998 de 23 de marzo, de uso e promoción do bable/asturiano.

As denominacións bilingües, dada a actual situación sociolingüística, non servirán para revitaliza-lo uso oficial das formas autóctonas, senón que fortalecerán aínda máis o prestixio das deturpadas. Outro factor que prexudica a supervivencia daquelas é a falta de acordo entre os grupos que se esforzan por rescata-las formas tradicionais, tendan cara á norma do galego (a Mesa pra a Defensa del Galego de Asturias) ou cara á do asturiano (a Academia de la Llingua Asturiana ou a Xunta de Toponimia, dependente da Conseyería de Cultura do Principado). O verdadeiro problema da comunidade eonaviega é a propia supervivencia da súa fala e da súa cultura. Con este fin *in mente*, sería útil aproveita-la experiencia galega sobre a estandarización e a normalización na toponimia, que ten máis tempo de camiño andado. É máis pragmático, e axuda máis á causa común.

Porei un exemplo. Actualmente hai tres propostas normativas distintas para a toponimia de varios concellos asturianos: a de Varela Aenlle (2000, actualizada en 2009), a da Academia de la Llingua Asturiana (ALLA, 2000) e a do Principado («Nueva toponimia...», en Internet). Pois ben, independentemente das diferenzas de criterio¹⁸, hai un feito que ten difícil explicación: a de Varela Aenlle contén bastantes máis formas toponímicas. No concello del Franco están neste e non nas outras dúas as seguintes: *As Abelleiras, A Cabanella, A Calella, A Cernada, El Chabolo, El Pozo, El Rabexo, A Arnosa, El Vao, Villarín, A Atalaia, A Calella, El Campo Grande, A Cova, A Cruz, A Senra, El Trigal, El Campo, Granda, A Pasadúa, As Penas, As Bouzas, Cilleiro, A Llagúa, Sueiro, As Tarracías, A Atalaia, Os Escaleiros, El Castello*; e isto sen menciona-las formas da microtoponimia (accidentes orográficos, hidrónimos, talasónimos, lugares arqueolóxicos, etc.). Se esta recollida non ten incidencia social (na sinalización, nos mapas, etc.), será baldía. Non parece lóxico estragar esforzos nunha cuestión en que se necesita a contribución de todos.

¹⁸ En uso de *b/v*, *ll/y*, acentuación, unión e separación de palabras, vocalismo átono... O contraste dáse sobre todo entre a de Varela Aenlle e as outras dúas, porque a do Principado segue fundamentalmente a da ALLA.

CONCLUSIÓNS

Na análise da comparación dos corpóra dos apelidos máis frecuentes en Galicia e en Asturias pónense de relevo algunhas diferenzas, máis alá das grandes semellanzas nos dous territorios veciños, tanto xeográfica como lingüística, histórica e culturalmente:

1. O peso cuantitativo dos grupos propostos é diferente, sobre todo se temos en conta o peso porcentual das ocorrencias: nos apelidos asturianos son máis os patronímicos (con case 15 puntos de diferenza), mentres que nos galegos a incidencia dos toponímicos é maior (con 12 puntos) e tamén a dos delexicais (5 puntos).
2. Nos apelidos patronímicos é maior a proporción nos asturianos dos que carecen do sufixo -z, e deles, non están no corpus homólogo de Galicia os coincidentes con nomes persoais (*Antón, Miguel, Velasco, Bernardo, Morán*). Pola contra, algúns patronímicos deste tipo son abundantes en Galicia e minoritarios en Asturias: *Ares, Cid e Durán*. Outra diferenza é a inexistencia en Galicia dos apelidos patronímicos formados con xenitivo (como *Artime, Nosti/Noste, Lueje, Olay, Pelay, Aboli*).
3. Nos aspectos diferenciadores dos apelidos delexicais podemos citar formas específicas casteláns (ou asturianas) fronte ás galegas correspondentes: *Cano/Cao, Moro/Mouro, Espina/Espiña, Bueno/Boo, Viejo/Bello*. A castellanización deuse de maneira diferente cuantitativa e cronoloxicamente nos dous corpóra. Posiblemente por ser máis antiga no asturiano son raras en Galicia formas como *Bueno, Cuervo* o *Viejo*, mentres que son comúns *Prieto* ou *Nieto* (case homónimas coas asturianas correspondentes). Outras especificidades asturianas son os zoónimos *Zapico, Lobo* e *Cuervo*. Amais deste, hai formas específicas de Asturias, algunhas delas de difícil interpretación léxica, tales como *Feito, Riesgo, Costales, Camblor, Cabal, Barbón, Secades, Caso, Ardura, Baragaño*. Algúns deles, como *Feito* e *Ardura*, parecen ser propios das zonas vaqueiras.
4. Nos apelidos toponímicos contrasta o alto uso de apelidos non delexicais en Asturias cos de Galicia, onde os máis abundantes son os detoponímicos que proceden do léxico común. Tal vez isto constitúe un indicio de que a motivación en Asturias máis frecuente se debe á procedencia, mentres que en Galicia é á residencia.
5. Hai un certo número de apelidos lingüisticamente galegos no corpus dos 200 asturianos máis frecuentes: os patronímicos *Méndez* e *Vázquez*; *Varela* e o detoponímico delexical *Pereira*. Nos dous *corpóra* hai tamén algúns apelidos comúns diferenciados do castelán: *Fidalgo, Gayo* (grafado *Gaio* en galego e *Gayu* en asturiano), se ben *Feito*, pese á súa homonimia coa forma galega, é apelido asturiano da área occidental (vaqueiro).

6. A difusión dos apelidos da franxa conavega parece indicar que o movemento de poboación desta zona se dirixiu máis cara a Asturias que a Galicia. Polo demais, en canto á castellanización, sofren os mesmos problemas de estandarización cós apelidos detoponímicos galegos, se ben os asturianos carecen en ocasións dun referente oficial único. A experiencia demostra que os problemas de estandarización contribúen a dificultar tamén a normalización, co que sería desexable chegar a un punto de encontro entre tódalas partes implicadas: acadar unha forma normalizada común dos topónimos desta franxa contribuiría a restituí-las formas dos apelidos que foron afectadas pola deturpación castellanizante, que parece afectar máis á onomástica asturiana ca á galega.

BIBLIOGRAFÍA

- ACADEMIA DE LA LINGUA ASTURIANA (2000): *Nomes de conceyos, parroquies, pueblos y lugares del Principáu d'Asturies*. Uviéu, ALLA.
- BABARRO GONZÁLEZ, Xoán (2003): *Galego de Asturias: delimitación, caracterización e situación sociolingüística*. [A Coruña], Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen, Niemeyer.
- (2007a): «Aproximación á configuración lingüística dos apelidos en Galicia», en *Verba* 34: 285-309.
- (2007b): «A antroponimia nos textos documentais galegos ata o século XIII», en A. I. Boullón Agrelo (ed.): «*Na nosa lingoage galega*». *A emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*. Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega (USC) & Consello da Cultura Galega: 603-624. En rede: http://www.consellodacultura.org/docs/lyngoage_galega_2.pdf.
- (2009): «Sobre a estandarización da antroponimia: proposta para os apelidos», en *Boletín da Real Academia Galega* 370: 117-152.
- (2012): «Aspectos metodolóxicos para o estudo dos apelidos detoponímicos na Galicia», en *Quaderni di Semantica*: 33,1: 183-204.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel & Henrique MONTEAGUDO (2009): *De verbo a verbo. Documentos en galego anteriores a 1260*. Anexo 65 de *Verba*. Universidade de Santiago de Compostela.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel & Fernando R. TATO PLAZA (1999): «*Alonso e Montero: estudio antroponímico*», en R. Álvarez & D. Vilavedra (coord.): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe a Xesús Alonso Montero*. Vol. I, Universidade de Santiago de Compostela: 265-293.
- BÜCHI, Eva (1998): «Los antropónimos de origen toponímico: reflexiones metodológicas a partir de exemplos del dominio lingüístico asturiano», en Ana M^a Cano González (ed.), *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actas del IX Coloquio (Uviéu/Oviedo, 26-29 de octubre 1995)*. Tübingen, Max Niemeyer, 1-33.

- CAFFARELLI, ENZO (2007): «Apellidos italianos derivados de topónimos: entre distribución territorial e investigación etimológica. Aspectos morfológicos, motivaciones históricas y nuevas propuestas clasificatorias», en G. Navaza & L. Méndez (eds.), *Congreso de Onomástica Galega Frei Martín Sarmiento, Santiago de Compostela, setembro 2002..* Santiago de Compostela, AGOn & ILG & RAG: 127-139.
- CANO GONZÁLEZ, Ana María (2010): «Caltenimientu de los apellíos vivientes de xenitivu na antroponimia asturiana de güei», en A. Cano (ed.), *Homenaxe al Profesor Xosé Lluís García Arias. Lletres Asturianas. Anexu I. Tomu 2.* Uviéu, Academia de la Llingua Asturiana: 569-615.
- (2012): «L'antroponimia asturiana y el procesu de castellanización documental», en *Lletres Asturianas* 106: 35-48.
- CARO REINA, Javier (2011): «Familiennamengeographie in Spanien auf der Grundlage von Telefonbüchern», en Rita Heuser & Damaris Nübling & Mirjam Schmuck (eds.), *Familiennamengeographie: Ergebnisse Und Perspektiven Europäischer Forschung.* Berlin & New York, De Gruyter: 119-141.
- GARCÍA ARIAS, Xosé Lluís (2005): *Toponimia asturiana: el porqué de los nombres de nuestros pueblos.* Oviedo, Editorial Prensa Asturiana.
- GARCÍA-SABELL TORMO, Teresa (1991): *Léxico francés nos Cancioneiros galego-portugueses: revisión crítica.* Vigo, Galaxia.
- SCHMID, Beatrice (1998): «Apellidos asturianos procedentes de apodos», en Ana M^a Cano González (ed.), *Dictionnaire historique des noms de famille romans. Actas del IX Coloquio (Uviéu/Oviedo, 26-29 de octubre 1995).* Tübingen, Max Niemeyer: 127-147.
- SOLIN, Heikki & Olli SALOMIES (1988): *Repertorium nominum gentilium et cognominum Latinorum.* Hildesheim & Zürich & New York, Olms-Weidmann.
- VARELA AENLLE, Carlos Xesús (2000): *Toponimia del Eo-Navia.* Eilao (Asturias), Mesa prá Defensa del Galego de Asturias.
- (2009): «Repertorio toponímico da nosa terra Eo-Navia», documento en formato pdf incluído no CD *Lingua e literatura galegas de Asturias.* Vigo, ANL da Universidade de Vigo.
- VIEJO FERNÁNDEZ, Julio (1998): *La onomástica asturiana bajomedieval. Nombres de persona y procedimientos denominativos en Asturias de los siglos XIII al XV.* Tübingen, Niemeyer.

RECURSOS EN INTERNET

- AHUS = Arquivo Histórico Universitario da Universidade de Santiago de Compostela: <http://arquivo.usc.es/ahus2/pages/tiles/login.jsp>
- CAG = Ana Boullón / Xulio Sousa (dirs.): *Cartografía dos apelidos de Galicia.* Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (USC). <http://ilg.usc.es/CAG/>.
- CODOLGA = *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae.* Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia (Santiago de Compostela). <http://corpus.cirp.es/codolga/buscas.html>
- DALLA = *Diccionariu de la Llingua Asturiana.* Academia de la Llingua Asturiana. <http://www.academiadelalingua.com/diccionariu/>
- DdD = Antón Santamarina (coord.): *Diccionario de Dicionarios. Corpus lexicográfico da lingua galega.* Instituto da Lingua Galega (USC). <http://sli.uvigo.es/TILG/index.html>

INE = Nomes e apelidos dos residentes en España [consultado no 2011]. Instituto Nacional de Estadística (Madrid): <http://www.ine.es/daco/daco42/nombypapel/nombypapel.htm>

Nueva toponimia del Principado de Asturias = <https://sede.asturias.es/portal/site/Asturias/menuitem.fe57bf7c5fd38046e44f5310bb30a0a0/?vgnextoid=757d21bda2295210VgnVCM1000097030a0aRCRD&i18n.http.lang=es>

PTG = *Proxecto Toponimia de Galicia* (microtoponimia). Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia: <http://sitgaideg.xunta.es/buscadoravanzado/visualizacion/indice.asp>

FONTES DOCUMENTAIS CITADAS

- CDCelanova = SÁEZ, Carlos & Emilio SÁEZ (2006): *Colección diplomática del monasterio de Celanova (842-1230). III: 989-1006*. Madrid, Universidad de Alcalá.
- CDGH = LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1901): *Colección diplomática de Galicia Histórica*. Santiago de Compostela, Tipografía Galaica. [Ed. facsímil. Santiago de Compostela, Edición do Cerne, 1998].
- CDMaia = MAIA, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-portugués*. Coimbra, INIC.
- CDMens = ZAPICO BARBEITO, Pilar (2005): *Colección diplomática do mosteiro de Santiago de Mens*. Noia, Toxosoutos.
- CDOseira = ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel (1989): *La colección diplomática de Santa María de Oseira (1025-1310)*. 2 vols. Santiago de Compostela, Tórculo Edicións.
- CDRamirás = LUCAS ÁLVAREZ, Manuel / Pedro Pablo LUCAS DOMÍNGUEZ (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago de Compostela, Public. de Caixa Galicia.
- CDSEstevoRibasSil_xv = BOUZAS ROSENDE, Paula (2010): *Edición e estudo dos documentos inéditos do mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil (século xv)*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- DocAstur = FLORIANO CUMBREÑO, Antonio (1949/1951): *Diplomática española del periodo astur. Estudio de las fuentes documentales del Reino de Asturias (718-910)*. 2 vols. Oviedo, Diputación Provincial / Instituto de Estudios Asturianos.
- DocChouzán = PICHEL GOTÉRREZ, Ricardo (2009): *Fundación e primeiros séculos do mosteiro bieito de Santo Estevo de Chouzán (sécs. IX-XIII)*. Noia (A Coruña), Toxosoutos.
- DocNoia = BARREIRO GARCÍA, M. Carmen (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (ss. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- DocUnivSantiago = LUCAS ÁLVAREZ, Manuel / M^a Xosé JUSTO MARTÍN (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237/1537). Edición diplomática*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- LNotasRianxo = TATO PLAZA, Fernando R. (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457). Edición e glosario*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- LTenzaHórreo = MÉNDEZ FERNÁNDEZ, M^a Luz (1991): *Contribución ó estudio dun libro das Tenzas da Catedral de Santiago. Edición crítica e estudio dos folios 1 a 27*. Memoria de Licenciatura. Universidade de Santiago de Compostela.

- NotariosBaiona_2004 = MAURE RIVAS, Xulián (2004): «Notarios de Baiona (1). Lourenço Martins (1365-1404)», en Rosario Álvarez & Antón Santamarina (eds.): *(Dis)cursos da escrita. Estudos de filoloxía galega ofrecidos en memoria de Fernando R. Tato Plaza*. Instituto da Lingua Galega. A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza: 527-540.
- TBieitoSantiago = FERNÁNDEZ SALGADO, Antonio (1999): *Documentación medieval de San Bieito do Campo*. Memoria de licenciatura (inédita). Universidade de Santiago de Compostela.
- TTui = MAURE RIVAS, Xulián (2006): *Para unha escriptoloxía do galego. Edición e estudio escriptolóxico do Tombo do hospital dos pobres de Tui (1436-1490)*. A Coruña, Fundación Barrié. Biblioteca Filolóxica Galega. Instituto da Lingua Galega.